

II CIRCUÍTO GALEGO DE LANZAMENTOS LONGOS 3ª Xornada

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza a 3ª xornada do Circuíto Galego de Lanzamentos Longos 2026, o 22 de abril na Cidade Deportiva de Vista Alegre (Ordes - A Coruña): <https://maps.app.goo.gl/ZuUyauSkTTv6dCir6>

Art.2).- Poderán intervir atletas Sub 16 e superiores, con licencia en vigor pola FGA.

- A preferencia na admisión seguirá a seguinte orde:
 - i. Atletas con mellores marcas nas tempadas 2025 e 2026, co artefacto que lle corresponda na actualidade.
 - ii. De ser preciso, dada a proximidade do Cto. de España por Federacións Sub 16, a Dirección Técnica poderá priorizar a participación dalgunha persoa de dita categoría.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do xoves 16 de abril.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

Rematará ás 23:59 horas do domingo 19 de abril e serán remitidas a servizos@atletismo.gal

Art.5).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións).

Hora	Proba	Sexo	Prazas
17:00	Disco	Mixto	12 (6+6)
18:25	Martelo	Mixto	12 (6+6)
19:50	Xavelina	Mixto	12 (6+6)

Art.6).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás para a proba de xavelina para a que pechará 1h30' antes do seu comezo.

Art.7).- Número de intentos.

- Pasarán á mellora as 4 mellores marcas femininas e as 4 mellores marcas femininas, independentemente da súa categoría, e disporán doutros 3 intentos de mellora.

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a servizos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do domingo previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.